



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE AGOSTO DE 2013

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D.^a DELIA PAZ ARDAO

SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día trinta e un de agosto de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 8 DE AGOSTO DE 2013.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data oito de agosto de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2.DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucíons da Alcaldía dende o día vinte e un de xuño de dous mil trece ata o día vinte e tres de agosto de dous mil trece

XUÑO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 21.06.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 25.06.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 26.06.2013, aprobación gasto.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 26.06.2013, contratación do servizo “Xestión do Portal de entrada ás Fragas do Eume”, mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa A Ventureira Ocio Cultural, S.C.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.06.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Lucía Meizoso Loureiro.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 27.06.2013, concesión do período de vacacións a Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado, dende o día 1 de xullo ata o día 16 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 28.06.2013, concesión licenza de obras a Dna. Laura Calvo Vilar para levar a cabo obras de “Apertura de dúas ventás na vivenda unifamiliar”, no lugar de A Buiña, 15-Cabalar.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 28.06.2013, concesión de licenza de obras a D. Perfecto Rial López, para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento da vivenda”, no lugar de Guitiriz, 3 - A Capela.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 28.06.2013, concesión de licenza de obras a D. Antonio Gómez Ruíz para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento: Cambio da cubrición da cuberta dunhas edificacións existentes”, no lugar de Fornelos, 3 - Cabalar.

XULLO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.07.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 02.07.2013, concesión licenza de obras a D. Maximino Seco Meizoso, para levar a cabo obras de “Construcción dun galiñeiro”, no lugar de Vilar de Mouros, 25-Cabalar.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 02.07.2013, convenio co Concello de Cabanas para a solicitude de subvención en materia de igualdade.
- **PADRONS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2013, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga correspondente ao 2º trimestre 2013.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2013, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. Xil Roi Meizoso Loureiro.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 04.07.2013, concesión do período de vacacións a Dna. María Celia Couce Moreira (Secretaria do Xulgado de Paz) dende o día 9 de xullo ata o día 23 (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.07.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 05.07.2013, concesión do período de vacacións a Dna. María Cristina Rodríguez Sanmartín (Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar) dende o día 22 de xullo ao 14 de agosto (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.07.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 09.07.2013, concesión do período de vacacións a funcionaria municipal Dna. Olga Galdo López dende do día 10 de xullo ao 31 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 11.07.2013, concesión de licenza de obras a D. Antonio Gómez Piñeiro para levar a cabo

obras de “Construcción de cerramento gandeiro de parcela”, no lugar de Estoxa, 3 - A Capela.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.07.2013, aprobación gasto.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 16.07.2013, concesión de licenza de obras a D. Aquilino Antonio Vilariño Otero para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento: Cambio da cubrición da cuberta dunha edificación existente”, no lugar de Arnoso, 1 - A Capela.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 16.07.2013, concesión de licenza de obras a D. José Manuel Calvo Arnoso, para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento dunha edificación existente”, no lugar de Os Enxertados, 1 - Cabalar.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 16.07.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Xandre Pérez Gabeiras, no lugar de Mourente, 1 - A Capela.
- **INTERVENCIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 17.07.2013, sobre expediente instruído ó abeiro do RDL 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e do apoio as entidades locais con problemas financeiros.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 17.07.2013, concesión de licenza de obras a D. Juan Meizoso Sanmartín para “Segregación de finca no núcleo rural de Cabodantoi” - A Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 18.07.2013, concesión de licenza municipal de primeira ocupación para a vivenda construída no lugar de Os Vilariños-A Capela a D. Héctor Paz Ardao e Dna. Cristina Seco García.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 18.07.2013, concesión de licenza municipal de obras a Dna. María Sol Piñeiro López para levar a cabo “Conservación e mantemento dunha vivenda: Cambio de cubrición da cuberta máis pavimentación exterior”, no lugar de O Cruceiro-A Porta, 13.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 18.07.2013, concesión de licenza de obras a Dna. María Socorro Adegas Anca, para “Construcción de cerramento gandeiro de parcela”, no lugar de A Lagoa-A Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.07.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 19.07.2013, concesión de licenza municipal de obras a Dna. Cándida Casal

Tembrás para “Conservación e mantemento: Cambio da cubrición da cuberta dunha edificación existente”, no lugar de O Machuco-Cabalar.

- **LICENZAS UBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 19.07.2013, concesión de licenza municipal de obras a D. Ramón Fernández López para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento dun cerramento de parcela e escaleiras integradas no cerramento”, no lugar de A Veiga, 1 - A Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 19.07.2013, concesión de licenza municipal de obras a D. José Seco Fernández para “Conservación e mantemento: pintado exterior dunha edificación existente”, no lugar de Fornelos, 2 - Cabalar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.07.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.07.2013, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.07.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Pedro Calvo Martínez, no lugar de Os Campos, 1 - Caaveiro.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 23.07.2013, autorización a Dna. Aida Vila Sabín representante da Comisión de Festas de Santiago Apostolo 2013, para o lanzamento de fogos de artificio.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 24.07.2013, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de D. Mikel Meizoso Seco.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.07.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.07.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 29.07.2013, aprobación gasto.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 30.07.2013, concesión período de vacacións ao funcionario D. Jesús Franco Rodríguez dende o día 6 de agosto ata o día 23 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 30.07.2013, concesión de un día por asuntos propios a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez, o día que solicita é o día 1 de agosto de 2013.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 31.07.2013, concesión da tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a D. Ramón Rodríguez Arnos.

AGOSTO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.08.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 01.08.2013, concesión á Comisión de Festas de Cabalar 2013 da cantidade de 300 euros en concepto de axuda económica para a celebración das festas patronais.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 01.08.2013, autorización para o lanzamento de fogos de artificio con motivo das festas de Santa María de Cabalar a D. José Manuel Chao Calvo.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 02.08.2013, concesión do período de vacacións a Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado dende o día 7 de agosto ata o día 20 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 02.08.2013 autorizar a Dna. Lara Teijeiro Teijeiro representante da Comisión de Festas de Nosa Sra. Das Neves 2013 para o lanzamento de fogos de artificio.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 02.08.2013, nomeamento de Tesoureira accidental á funcionaria Dna. Olga Galdo López na ausencia do seu titular D. Jesús Franco Rodríguez dende o día 6 ao 25 de agosto, ámbolos dous inclusive.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.08.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.08.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 06.08.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Eva María Paz Seco, no lugar de Cenzoí, 2-Caaveiro.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 06.08.2013, levar a cabo as obras denominadas “Ampliación da rede de saneamento en Vilar de Mouros”, mediante o procedemento de contrato menor coa empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y otro, SPC.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 07.08.2013, concesión do período de vacacións a Dna. Elsa Gómez López (Auxiliar do Servizo de

Axuda no Fogar) dende o día 19 de agosto de 2013 ata o día 10 de setembro do mesmo ano (ámbalas datas inclusive).

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.08.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.08.2013, concesión do día 26 de agosto de 2013 a Dna. María Isabel Franco Rodríguez (Bibliotecaria Municipal).
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.08.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Lia Bouza Piñón, no lugar de O Cadaval, 6 - Cabalar.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 20.08.2013, autorización para o lanzamento de fogos de artificio o día da Festa do Requeixo 2013 a Dna. Marina Bouza Couce, representante de dita Comisión.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 22.08.2013, concesión de 300 euros en concepto de axuda económica á Comisión de Festas de Nosa Señora de As Neves 2013.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 23.08.2013, declaración dos festivos locais para o ano 2014, os días 5 de agosto, Nosa Sra. Das Neves e o día 4 de marzo, martes de antroído.

O Pleno queda enterado.

3. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta polo Sr. Alcalde de que o Grupo Mixto - BNG tiña presentada unha moción con número de rexistro de entrada 545 de data vinte e sete de xuño de dous mil trece, que non se tratou na derradeira sesión ordinaria por presentarse fóra de prazo e por considerar a Alcaldía-Presidencia que se trata dun rogo e non dunha moción. De todos xeitos dí que pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao quedouse en modificala para presentala como rogo nesta sesión.

Neste intre incorpórase á sesión a Sra. Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a Olga Blanco Teijeiro

Pola Concelleira D.^a Delia Paz Ardao dise que non se modifica o texto da moción para presentala como rogo, que copiado literalmente di:

"Este proceso, que no seu orixe ía ser unha modificación do PXOM vixente na actualidade, co fin de incluír os núcleos excluídos no anterior e os urbanizables. Por parte do equipo de goberno, e como fomos vendo nas reunións as que se nos convocou con este motivo, acabou convertendo nunha reforma integral na que se ve reducida considerablemente a edificabilidade no concello, así como a reubicación do solo industrial delimitado no anterior.

Nos, como grupo político solicitamos en varias ocasións nestas reunións que se emprendera algunha acción informativa de cara ós veciños do concello, xa que a maioría deles, aínda que algún si, non están ó corrente deste proceso de reforma.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos deste Pleno:

- Que se realicen xuntas informativas en tódalas parroquias do concello
- Que se colgue a citada proposta de modificación na páxina web do Concello para a súa consulta."

Polo Sr. Alcalde dise que non se admite a moción para o seu debate ao considerar que o que se presenta é en realidade un rogo, xa que afecta a competencias propias do equipo de goberno.

Dase conta da moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal PS de G - PSOE, D. Manuel Meizoso López, que copiada literalmente di:

"O Grupo Municipal Socialista do Concello da Capela, a través do seu voceiro, Manuel Meizoso López, de conformidade co disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDE MINISTERIAL IET/2804/2012 DO 27 DE DECEMBRO, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS EMPRESAS SIDERÚRXCAS, ao obxecto de ser incluída na orde do Pleno Ordinario e

debatida no mesmo, en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do Partido Socialista coñece a fonda preocupación dos traballadores e traballadoras da empresa MEGASA, debido aos cambios producidos pola orde ministerial IET/2804/2012, DO 27 de decembro, que modifica a Orde ITC/2370/2007, de 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción.

Certamente, o novo sistema de bonificación da tarifa eléctrica que se está a aplicar en base á citada orde ministerial, incentiva a unha empresa siderúrxica en detrimento das demais deste subsector industrial, concedéndolle unha importante ventaxa competitiva respecto doutros produtos no mercado do aceiro común corrugado.

Esta situación afecta, neste caso, á empresa MEGASA SIDERÚRGICA, S.L., asentada dentro do tecido industrial de Ferrolterra dende hai máis de 50 anos dedicándose á produción de redondo corrugado para a construción.

Unha empresa que ten na actualidade unha plantilla directa entorno a 200 traballadores, aos que hai que engadirle outro millar máis de empregos indirectos, entre filiais do propio Grupo, así como moitas pemes subcontratadas.

Nun momento como o actual a capacidade de xerar emprego e riqueza, debe ser unha prioridade. Por iso, entendemos que é necesario facer visible a delicada situación na que se pode ver abocada a empresa MEGASA SIDERÚRGICA, S.L., no caso de que esta orde se leve a efecto nos seus propios termos, con consecuencias inaceptables de perda de postos de traballo e de capacidade industrial nesta comarca, xa de por sí nunha situación de extrema gravidade.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Socialista presenta esta MOCIÓN diante do Pleno desta Corporación para que se tomen os seguintes acordos de resolución:

1. Instar ao Sr. Ministro de Industria, a revisión da orde IET/2804/2012 de 27 de decembro, para eliminar a desigualdade creada coa mesma dentro das empresas do subsector do aceiro común.

2. Instar ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia que encabece ante o Ministerio de Industria a solución do conflito, e que reciba tamén aos representantes dos traballadores para informalos das xestións e estado das mesmas.

3. Dar traslado da presente moción tanto ao Sr. Presidente da Comunidade Autónoma de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo e ao propio Sr. Ministro de Industria, enerxía e Turismo Sr. D. José Manuel Soria López."

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da lectura textual da parte dispositiva da moción que pretende única e exclusivamente apoiar aos traballadores de Megasa na súa loita para manter os postos de traballo que están en perigo diante da reforma eléctrica aprobada polo goberno da nación, o que conleva unha discriminación de Megasa con respecto a outras empresas do sector.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que non ten clara a discriminación con Megasa e que en todo caso trátase claramente dunha moción política.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo vai a votar a favor, xa que se trata de apoiar os postos de traballo de Megasa e que incluso hai xente da Capela que traballa alí, fala dos aspectos técnicos da derradeira reforma eléctrica que perxudican e discriminan a Megasa en relación con outras empresas e cita como exemplo á catala Celsa.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, dise que é claramente unha moción política, pero o fundamental é que se está xogando cos postos de traballo.

De novo toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para mostrar o seu apoio aos traballadores de Megasa e anunciar a postura do seu Grupo Municipal que será a abstención, xa que se trata dunha moción política e hai outros foros máis axeitados para o seu debate.

Remata o debate o Sr. Alcalde-Presidente para dicir que o venres próximo están invitados os alcaldes das tres comarcas no concello de Narón para solicitar formalmente unha entrevista co Presidente da Xunta, aos efectos de abordar este asunto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres/Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE, AIAC e Mixto - BNG, e 2 abstencións do Sr. /Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular) aproba a moción presentada polo Grupo Municipal do P S de G - PSOE referente á modificación da orde ministerial

IET/2804 /2012 do 27 de decembro, para garantir a igualdade de trato entre as empresas diderúrxicas.

Polo Sr. Alcalde - Presidente dase conta que o Partido Popular, con data vinte e dous de agosto de 2013, e número de rexistro de entrada 744, presentou un escrito sen aclarar se se trata de moción ou rogo, entendendo esta Alcaldía, como no caso anterior do Grupo Municipal do BNG, que se trata dun rogo, xa que é unha petición ao equipo de goberno municipal.

Polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, díse que o seu grupo a presenta como moción co seguinte tenor literal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. No Adro da Igrexa de Cabalar, en momentos puntuais, como poden ser enterros, cabodanos ou mesmo as Festas Patronais, encontrámonos con unha aglomeración de vehículos importantes.
2. O Aparcamento do Adro normalmente é escaso, estacionando os vehículos pola beira da estrada municipal.
3. En varios casos ten ocorrido que na marxe dereita da vía, dirección Carballás - Barreiro entre a curva do adro e a ponte existe un terraplén, xa ten habido algún que outro accidente por aproximar demasiado.
4. Según información, neste momento o Concello posúe remanente económico.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de A Capela a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1º. Que se deseñe un valado - quitamedos en dita zona, propónse, para non entrar en contraste que sexa de madeira.
- 2º. Dotar de orzamento dito proxecto."

Polo Sr. Alcalde - Presidente reiterase que pode tratarse como rogo, pero que non se vai a debater como moción.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, solicítase que conste expresamente que o Sr. Alcalde-Presidente non quixo admitir e en consecuencia debater a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

4. ROGOS E PREGUNTAS

Dase conta dos rogos formulados polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo

ROGOS

1. Son xa moitos anos que o Concello da Capela ven organizando diversos cursos para os veciños. Dende AIAC entendemos que a convocatoria destes cursos non está chegando ó coñecemento de todos, sendo os cursos convocados para todos aqueles veciños interesados nos mesmos, co lóxico límite de prazas para cada curso.

Polo tanto,

Rogámoslle ao equipo de goberno que, a fin de que a convocatoria destes cursos poida chegar a todos os veciños do Concello, se lle de a máxima difusión e publicidade posible a través dos medios que dispón o Concello (bandos, páxina web, taboleiros, etc.).

Polo Sr. Alcalde dise que se atende o rogo.

2. Van pasando os meses, e incluso os anos dende que se aprobou o Regulamento de Participación Veciñal e o Consello de Participación Veciñal sigue sen arrancar.

Non vemos lóxico que esté todo aprobado e simplemente quede pendiente o nomeamento do Concelleiro delegado da área de participación veciñal, para que xa se poida constituir o Consello.

Polo tanto,

Rogámoslle ao equipo de goberno, que faga as xestións oportunas para que, dunha vez por todas, se poida constituir o Consello de Participación Veciñal o máis axiña posible.

Polo Sr. Alcalde dise que se atende o rogo.

Polo Sr. Alcalde dise que polo Grupo Mixto - BNG, presentouse onte venres un rogo e dúas preguntas fóra do prazo legal, polo que serán tratados na vindeira sesión ordinaria.

PREGUNTAS

Dase conta das preguntas realizadas polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo, que copiadas literalmente din:

1. Xa fai un ano que por este grupo político se presentou un rogo para que se fixesen as xestións oportunas para retirar a cabina telefónica situada nas Neves, pois non funciona e obstaculiza o paso pola acera. Cando se vai retirar?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se lle deu un prazo a telefónica para que retire a cabina antes de remates de setembro, senón retiraráa o concello.

2 O pasado día 1 deste mes saiu na prensa que a Xunta de Galicia financiará o Punto Limpo situado en Vilar do Colo, para ser utilizado polos veciños de Fene e Cabanas. Xa non vai poder ser usado polos veciños da Capela, como nun principio se dixera?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xa mantivo unha entrevista co Alcalde de Cabanas para que cando estivera o punto limpo en funcionamento poder adherirse o concello da Capela.

3 Ós Concellos de Pontedeume, Cabanas, Fene e Neda a Xunta otorgoulles unha axuda para eficiencia enerxética que solicitaron de forma conxunta, co fin de alcanzar un aforro na factura da luz dun 60% . Por qué o Concello da Capela nunca solicita destas axudas?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o concello da Capela non solicitou esta axuda, xa que implica unha aportación municipal que a Lei de estabilidade orzamentaria non nos permite gastar.

4 No pasado Pleno Ordinario de xuño, o equipo de goberno comprometeuse arranxar inmediatamente o problema da fonte do parque infantil. Por qué non se arranxou despois de dous meses?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que efectivamente hai unha fonte pedida para colocar no parque pero que aínda non foi subministrada ao concello.

5 Diariamente estamos vendo na prensa que a Xunta de Galicia está concedendo Subvencións para Escolas Obradoiros en distintos concellos. Recibiuse resposta da que solicitou este Concello?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a escola obradoiro solicitada polos Concellos de As Pontes e A Capela, foi denegada por segundo ano consecutivo.

6 Na última Xunta de Voceiros o Sr. Alcalde mencionou que a Xunta de Galicia non vai aprobar os cambios feitos no PXOM. Podería explicar ó Pleno a situación actual en que se encontra a modificación do PXOM e cales van ser os pasos a seguir?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que como xa manifestou nunha derradeira xunta de voceiros a entrevista que tiveron en urbanismo ía por bastante bo camiño, ata que apareceu a secretaria xeral e empezou a cuestionar todo o traballo feito e incluso a aprobación do PXOM anterior, agora o equipo redactor está traballando para adaptar os núcleos ás directrices que se dixeron nesa reunión, dí ademáis que curiosamente noutros concellos que presentaron delimitacións de núcleos semellantes foron admitidas, así pois, considera que unha vez feito do traballo de adaptación, entre todos os grupos municipais e se é preciso os veciños, haberá que tomar unha decisión ao respecto.

7 A subvención da Deputación da Coruña para a Festa do Requeixo, parécenos unha tomadura de pelo tendo en conta as que se lles conceden a outros Concellos. Vai o equipo de goberno pedir algún tipo de explicación á Deputación ou facer algún tipo de protesta por este agravio comparativo?

Resposta o Sr. Alcalde-presidente que o Concello vai devolver a subvención e de feito a Deputación Provincial xa non figurou nos carteis do requeixo nin foron invitados membros do ente provincial, móstrase de acordo co manifestado polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, de que se trata dunha tomadura de pelo. Neste intre pide a palabra o Concelleiro de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para dicir que diante deste asunto non se pode estar calado, e que se debe de facer un comunicado de denuncia destes feitos, sobre todo cando para outras festas populares se diron cantidades moito maiores.

8 No DOGA do pasado día 9 de agosto, publicouse unha subvención que poden solicitar os Concellos de Galicia para infraestructuras. Vaise solicitar esta subvención e para que obra?

Resposta o Sr. Alcalde-presidente que nos dous derradeiros anos, o Concello solicitou axuda para adecuación do parque diante da biblioteca, pero que non foi outorgada, para este ano ante estes feitos e considerando que a orde de convocatoria dispón dun crédito moito menor, xa non se pediu ningunha actuación.

9 A Xunta de Galicia aínda non designou ningunha partida económica para que este Concello poida contratar algún traballador?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a data de hoxe non hai ningunha comunicación oficial, aínda que da orde da convocatoria ao concello, correspóndelle como mínimo unha persoa, dí ademáis que a Deputación Provincial sacou un Plan de emprego, no que lle corresponderá a cada Concello dúas persoas.

10 Ten pensado o equipo de goberno advertir ós propietarios das fincas para que limpen a maleza que chega ás aceras? Existe algún tipo de normativa a este respecto?

Resposta o Sr. Alcalde-presidente que a normativa existe e a Lei de Montes e de incendios e que se está a falar coa xente para que limpen.

In Voce, previa petición ao Sr. Alcalde-Presidente, polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª Cómo ten tanta sorte Rocío de San Boulo, que sempre aparece contratada na piscina municipal?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que quen contrata é a empresa adxudicataria do servizo, neste caso Sedega, S.L.

2ª Qué ocorre co conflito que hai en Formariz entre dous veciños?

Respóntase polo Sr. Alcalde-Presidente que é unha cuestión de tipo privado e que afecta tamén a unha licenza de obra na que no seu día se enviou o expediente á Axencia Galega de Protección de Legalidade urbanística, pero máis ben o asunto repítese cada pouco, xa que é xente que non ten boas relacións entre eles.

Antes de rematar a sesión polo Sr. Alcalde-presidente dase conta da guía de turismo dos concellos Cabanas, Pontedeume e Fene que foi presentada hai pouco e que no que atinxe a Pontedeume figura o Mosteiro de Caaveiro sen facer referencia a que o mesmo se atopa no concello da Capela, dí o Sr. Alcalde-Presidente que falou co Alcalde de Pontedeume para que retirara ou modificara a inclusión do Mosteiro de Caaveiro, e a resposta foi negativa.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para dicir que este é un asunto gravísimo que xa se ven repetindo hai anos que se debía elaborar un comunicado asinado por todos os grupos para denunciar esta situación.

Sen producirse votación todos os grupos municipais mostráanse de acordo en elaborar un documento para denunciar a situación exposta e en todo caso solicitar que na guía se faga referencia a que o Mosteiro de Caaveiro atópase situado no Concello da Capela.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas corenta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz